Por último, dounos uns agasallos: un bloc de notas e un tarriño de mel. Estaba riquísimo!!



A continuación, propoñémosvos esta sopa de letras, onde tendes que atopar 10 palabras relacionadas coas abellas. MOITA SORTE!!

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| L | P | I | P | A | U | A | B | E | L | L | A |
| M | O | B | A | D | U | A | T | Z | C | U | R |
| O | L | D | F | F | A | H | V | Z | S | W | S |
| A | E | L | U | L | G | S | D | C | M | E | L |
| P | N | M | M | M | U | T | R | P | X | W | V |
| I | Ñ | E | A | Z | I | N | É | C | T | A | R |
| C | A | V | D | C | L | N | X | M | L | M | T |
| U | B | W | O | D | L | O | R | C | B | X | B |
| L | O | R | R | A | Ó | M | Z | A | A | C | C |
| T | P | N | Ñ | B | N | L | L | U | Í | D | O |
| O | E | F | L | O | R | E | S | U | B | Ñ | L |
| R | A | D | S | F | F | C | O | L | M | E | A |

Alumnas e alumnos de 1º B.

# XIX EXPOSICIÓN DA CAMELIA







Esta XIX Exposición da Camelia no CEP Campolongo estivo gafada tamén polo virus do COVID. Fíxose a exposición pero só a nivel interno, sen público e sen os tradicionais cultivadores e sen a participación doutros colectivos: asociacións, colexios, etc.

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

C.E.P. CAMPOLONGO PONTEVEDRA

# XIX EXPOSICIÓN DA CAMELIA


















5º C

# MatematicArte




25N Día contra a

Violencia de Xénero

Sumando afectos +






Lema gañador do concurso convocado pola Xunta con motivo do 25N






A muller na Ciencia
JOSEFA WONENBURGER
Excelente matemática












TRAPECIO



TRIÁNGULO

CÍRCULO







ROMBO







HEXÁGONO

RECTÁNGULO







CADRADO





# A CAMELIA NA  XEOMETRÍA

UNESCO
Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
Membro Escola Asociada UNESCO
Equipos de Dinamización da Lingua Galega
Bibliotecas escolares de Galicia

# LETRAS GALEGAS 2021




O **Día das Letras Galegas** é un día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación literaria. Comezou a celebrarse o **17 de maio do 1963,** coincidindo co centenario da primeira edición de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. Ata 2021, ano dedicado a **Xela Arias Castaño,** 61 autores (**5 mulleres e 56 homes**) foron homenaxeados nas 59 edicións do Día das Letras Galegas, posto que **1998 foi o único ano en que houbo unha homenaxe colectiva** (en concreto, a tres trobadores ligados á Ría de Vigo).



Xela Arias Castaño, nada en Lugo o 4 de marzo de **1962** e finada en Vigo o 2 de novembro de **2003,** foi unha poeta, tradutora en varias linguas, **editora,** e **profesora** galega, ligada a Edicións Xerais de Galicia, coñecida polas súas obras ***Tigres coma cabalos*** e ***Darío a diario.*** Como **tradutora** traballou con textos de, entre outros, Carlos Oroza, Camilo Castelo Branco, Gianni Rodari, Jorge Amado, Wenceslao Fernández Flórez, Roald Dahl, Juan Farias, James Joyce, Cervantes, James Fenimore Cooper, Vicenç Beltran, Jan Terlouw, Bram Stoker, Angela Carter, Charles Baudelaire e Jean Rhys.

A súa ***Poesía reunida*** publicouse en novembro do ano 2018. En 2019 a plataforma de crítica literaria A Sega dedicoulle o Día das Galegas nas Letras. Algúns dos seus **compromisos sociais**, foron os de colaborar con Greenpeace, participar nos manifestos contra a Guerra do Iraq, O Prestige ... e tratar de **prestixiar a lingua galega.**




O único libro en prosa, *Non te amola*, foi publicado despois da súa morte. Nel, Xela, con 30 anos, transfórmase nunha nena de 9 anos para contar as súas vivencias nesa etapa da súa vida nas terras de Sarria, no concello de Lugo. **Estes contos** pódense ler e descargar dende a Aula Virtual de Dinamización Lingüística do noso cole. Nela tamén hai actividades interactivas para poder coñer mellor a esta xa persoeira das letras galegas.

***Intempériome***

“INCÉNDIATE
á calor da observación.
E repasa logo
a ollada no pouso
dos afectos”

***Darío a diario***

“Nada que ver coa posesión.
Non te posúo nin quero.
Cóidote, ámote e manteño a esperanza
de aprenderche a te posuíres”.

# LETRAS GALEGAS 2021

## XELA ARIAS CASTAÑO




### OBRA LITERARIA

Xunto co libro póstumo, ***Non te amola***, as 4 obras poéticas de Xela Arias son:

- *Denuncia do equilibrio* - *Tigres coma cabalos*

- *Darío a diario* - *Intempériome*

### RETALLOS

O proxecto pedagóxico "**Granxa de Barreiros**" foi o que motivou a seu pai a vivir en Sarria (Lugo) durante 4 anos (dende 1965 até 1969).

Con 10 anos escribe o conto inédito ***A pobreza e a negrura da aldea.***

Con 11 anos gaña un premio no Concurso de Contos Infantís O Facho co relato *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopardicia*.




Na súa infancia comentaba: "Agora na primavera fixen nove anos. Son moitos para non procurar nada de proveito na vida, así que **vou escribir un libro**".

Aos 22 anos (1984) **pudo mudar ao galego** o nome de Mª de los Ángeles para Mª dos Anxos. Cando naceu os nomes galegos non estaban no santoral. En 1995, con 33 anos, o xuíz autorizouna a cambiar de novo o nome polo que tiña de pía dende os 6 anos (**XELA**) .

Xunto con Darío Xoan Cabana recibiu o **Premio Ramón Cabanillas**, e como tradutora o **Premio de Tradução da Lingua Portuguesa**.

"Dáme rabia ter que dicir que son **feminista.** Pásame igual que co nacionalismo. Deixarei de ser unha cousa e outra cando as nacións soxulgadas non o sexan e as mulleres discriminadas non o estean".

"Hai que rebelarse contra a concepción do libro como un cadáver morto no anaquel"




***Tigres como cabalos***

Ignoro que lugar é este onde me atopo
cos meus ósos e os silencios das palabras.
Detesto esa voz que vén tan alta
coa que persegues ...

# LETRAS GALEGAS





# 2021



# DÍA 17 DE MAIO





Dende o departamento de educación física, en colaboración co equipo de normalización da lingua galega, esta é a nosa contribución á conmemoración da semana das letras galegas, coa colaboración de todolos cursos, traballando as manifestacións artísticas expresivas co noso corpo. Noraboa a todos polo gran traballo realizado.

# XELA ARIAS





# CASTAÑO.



# XELA NACEU EN SARRIA





# (LUGO)



O DÍA 4 DE MARZO DE 1962.





**XELA** INGRESOU NO COLEXIO **FINGOI**





(LUGO) E VIVIU EN VIGO





# XELA FOI POETA,





# PROFE, EDITORA PARA





# XERAIS E TRADUCTORA DALGÚN



# CONTO COMA:



# AS BRUXAS DE



# ROALD DAHL,




# CONTOS AO



# TELÉFONO,



DE GIANNI RODARI





E OUTROS AUTORES COMO: CERVANTES,



BRAM STOKER





NA SÚA POESÍA DESTACAN LIBROS COMA:






DARÍO A





DIARIO,






# INTEMPÉRIOME E



# DENUNCIA DO EQUILIBRIO.





# FINOU EN 2003.





TRAS A SÚA MORTE, PUBLICOUSE O SEU ÚNICO

# LIBRO EN PROSA:






# NON TE AMOLA.







# 17 DE MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS

**X**enial coma Rosalía

**E**scritora e traductora

**L**er os seus contos é marabilla

**A** nai de Darío... Pedro




**X**eranios coma dentes

**E**ncántame traballala

**L**inda cando a les

**A**miga sempre… Juan




**X**amais deixaba de soñar

**E**la sempre pintaba

**L**uz no seu interior

**A**maba os poemas. Antón

Xantando poemas

Escribindo libros

Lendo palabras

Amiga das letras. MR




**X**enial poeta

**E**xcelente escritora

**L**ibros perfectos

**A**fouta persoa. Tala

**X**erais, alí traballou

**E**scribiu só por pasión

**L**er os seus libros é o mellor

**A** nena de Sarria! Martina

**X**ornais co seu nome

**E**ditora de Xerais

**L**etras Galegas 2021

**A** galeguista de




**5º C**










Na actividade en liña que se fixo da Palabra do Ano do 2020 no Portal das Palabras, a gañadora foi **"Nós" ,** cando case todos pensaron que sería **pandemia** ou coronavirus as gañadoras. Unha grata sorpresa! Seguramente axudou moito que este ano se conmemorou o centenario da publicación da **Revista Nós .** O alumno de 5º, Noel, tróuxonos a Edición do **Primeiro facsímile** completo coas súas 30 páxinas. Trátase dun agasallo que recupera un dos principais símbolos do labor da xeración das Irmandades da Fala.

## Son un círculo

*Que pensades dos círculos? No meu caso, que son un, diría que os círculos somos estraños, repetitivos, sempre todos iguais e a nosa vida é do máis aburrida. Todo iso o dicía ata fai uns días. Pois ben, todas esas características púxomas un neno de sexto que estaba dando as formas xeométricas en matemáticas.*

*Era unha mañá calorosa de xuño, quedaban poucos días de colexio, pero faltaba o exame final de matemáticas, a unidade das formas xeométricas. Mateo, que así se chamaba o neno, estaba mirando pola ventá en lugar de atender a clase. El pensaba que este tema non servía para nada, todas esas fórmulas, esas formas, en especial o círculo; Mateo detestábame! Odiábame tanto porque nunca se acordaba da fórmula da miña área. Isto lle enfadaba tanto, que ata a min, un propio círculo, fíxome pensar que non servía para nada. Tanta foi a miña tristeza que a miña cor azul alegre pasou a ser un gris pálido. Eu só quería ser alguén na vida, non unha triste forma xeométrica.*

*Pasaban os días e notaba unha estraña actitude en Mateo, estaba intentando calcular a área dun círculo, e doutro, e doutro! Así ata o día do exame.*

*Ao acabar todos os alumnos o control de matemáticas, a mestra os gardou nun caixón. Alí pensei no moito que se esforzou Mateo por unha simple forma xeométrica. Deime conta de que si merecía a pena e xa era alguén na vida, era un círculo!*

*Aquela vez Mateo levou un exame de dez.*
*Só quédame preguntar: Que pensades dos círculos?*
*Eu, que son un, digo que somos perfectos, interesantes, incribles e, sobre todo, únicos.*

*Juan Iglesias Carballeira*
6ºA

# Son un círculo

Érase unha vez un neno chamado Jaimito que se aburría e debuxou un pequeno círculo nun folio branco. Ese era eu, poderíase dicir que era un círculo calquera, pero non foi así.

Uns minutos despois da miña creación, me fixei nos obxectos que había ao meu redor: un afialapis, un bolígrafo, unha goma e... un lapis!

Ese obxecto chamoume a atención e intentei con todas as miñas forzas aproximalo a min. De súpeto... ZAS! O lapis desapareceu, tragueimo sen deixar rastro. Pasaba o tempo, e cantas máis cousas engulía máis grande facíame, en media hora me había chimpado case toda a casa. Entón chegou Xaimito, nada máis abrir a porta botou a correr en dirección oposta mentres eu o perseguía pensando que sería a mellor primeira vítima, pero nada máis saír da casa, un raio golpeoume facendo que volvese a ser un pequeno círculo.

Xaimito rompeume e tiroume ao lixo, sen saber que eu podería volver a medrar...

*Emma González Pascual*
6ºA

Sábado 8 de maio de 2021

## Noticias tolas

### *A CASA DESAPARECIDA*

***Unha familia que vivía ás aforas de Pontevedra desaparece sen deixar rastro xunto coa súa casa.***

A familia formada por: Calara (a nai), Pedro (o pai) e Xaimito (o fillo), desaparece na madrugada do sábado sorprendendo aos veciños que rapidamente deron a voz de alarma.

Pablo, un veciño que ía a súa casa despois dunha cea familiar, foi o único que veu a casa desaparecer. Dicía que era como se a casa fose tragada pola terra en menos de dous segundos. Pero a Policía Nacional non encontrou no terreo ningún burato polo que puidese caer a casa. Non había absolutamente nada, excepto un pequeno círculo debuxado nun folio branco no medio do terreo.

Agora o caso é mundialmente coñecido polos equipos de investigación que seguen sen encontrar máis probas.

Emma González Pascual 6ºA

# Noticias tolas

Sábado 13 de xaneiro 2021

***DORAEMON APARECE NO CENTRO DE PONTEVEDRA***

O personaxe animado, Doraemon aparece na Peregrina co seu “gorrocóptero” e deixa alucinados ás persoas que paseaban por alí. Nun día caloroso, baixa co seu “gorrocóptero” do ceo Doraemon, o personaxe animado da serie animada “Doraemon, o gato cósmico”. Nada máis baixar, os nenos que paseaban por alí preguntábanse, que facía aquí? Que lle pasou?... Algúns querían sacar unha foto con el e utilizar os seus inventos que tiña no seu “peto máxico”.

De súpeto os seus amigos animados Nobita, Zuneo... apareceron co seu propio ”gorrocóptero” para levalo de volta á casa e ver a súa familia. En fin, Nobita explicoulles que Doraemon tomara unhas pastillas que estaban caducadas e non sabía para onde ía.



Doraemon e os seus amigos

Sara Bouza García 6º A

Doraemon e os seus amigos

**Venres 7 de maio de 2021** ***ATÓPASE VIDA EN XÚPITER***



A NASA anuncia pequenos rastros de vida no gran planeta do Sistema Solar: Xúpiter. Este venres os expertos da NASA “Non Aceptamos Sibaritas Amigables” detectaron pequenos rastros de vida que ao parecer son marcianos. Cando ían de xira polo Sistema Solar, na famosa nave espacial ÍGOR 11, os marcianos estaban manifestándose fronte ao seu rei dicindo que os seus retretes non tiraban da cadea e tiñan un montón de refugallo acumulado nas súas casas, que ao final ían crear unha fábrica de feces nas súas vivendas, ou como seu termo científico di: O“popó”.



Os científicos non o poden crer, isto agora é tendencia. En fin, a NASA está asombrada por atopar marcianos gritando que as súas casas eran fábricas de “popó”.

Pascual Valenzuela Rivas 6º A

# Eu son fantástica

*Chámame Sara e teño cousas que me gustan e outras que non tanto, falarei das que me gustan. Algunhas cousas que me gustan de min son: o meu carácter, a miña forma de vestir, gústame que me guste ler e tamén ser deportista.*

*Gústame ler, porque aprendo palabras novas, leo historias incribles, é divertido e ademais o tempo pasa máis rápido e todo iso me gusta.*

*Gústame o meu carácter, porque é divertido, é alegre e creativo.*

*Gústame a miña forma de vestir, porque non é moi moderna, pero non é anticuada.*

*Gústame ser deportista, porque estás en forma, coñeces xente nova, ademais de que non estás moito tempo sen facer nada.*

*Gústame todo iso porque é divertido e todo é porque eu son fantástica.*

*Sara López Domínguez 6ºA*

# Eu son fantástica

*Chámome Lía e son fantástica.*

*Son de pel clara, teño o pelo curto e marrón escuro, uns ollos únicos, un pequeno nariz e un sorriso fermoso.*

*Son alta e esvelta, gústanme os deportes e a música pop.*

*Encántame xogar cos meus veciños, probar deportes novos e ir ao conservatorio.*

*Son de carácter tranquilo, aínda que podo estar todo o día saltando. Son alegre e amable, solidaria e forte; con motivación podo conseguir todo.*

*Gústame vestir con roupa deportiva, cun pendente de aro na orella esquerda e co pelo solto. Encántame a natureza, dáme paz e síntome libre.*

*Odio a contaminación, a violencia e a inxustiza.*

*Creo que son pouco traste pero aventureira.*

*Por todo isto, eu son fantástica.*

*Lía Iglesias Ledo 6ºA*

"Todos os nenos nacen artistas. O problema é como seguir sendo artistas ao crecer"

Pablo Picasso



Emma González



Carlos Dasilva



Sofía Fernández



Emil Ghiani



Iván Lago



Sara López



Juan Iglesias

Chove en Santiago,
meu doce amor.
Camelia branca do ar
brila entebrecida ó sol.

Chove en Santiago
na noite escura.
Herbas de prata e de sono
cobren a valeira lúa.

Olla a choiva pola rúa,
laio de pedra e cristal.
Olla no vento esvaído
soma e cinza do teu mar.

Soma e cinza do teu mar
Santiago, lonxe do sol;
ágoa da mañán anterga
trema no meu corazón.

*Federico García Lorca*

**6ºA**





Vitoria Munaiz — Carlos Vázquez — Iago Iglesias




Jorge Iglesias — Lía Iglesias

6º A






Laura Sobral — Pascual Valenzuela — Sofía Fernández — Sara López

Píntome a min mesma porque son a quen mellor coñezo

Frida Kahlo



Emma González



Lara López



Sofía Fernández



Noa García

**6ºA**



Ivet Ivanova



Aitor Calvo



Pascual Valenzuela



Juan Redondo

**6ºA**



Anxo Rodríguez



Emil Ghiani Pérez



Vitoria Munaiz



Sara López **6ºA**

**"Procura que os soños se volvan metas e non que queden en soños".**

Diego Velázquez



Alexander Pazan



Sara Bouza



Guillermo Piñeiro



Laura Sobral

**6ºA**



Judith Bertran



Aloia Bugarín



Vitoria Munaiz



Juan Iglesias **6ºA**

# Eu son fantástica

*Ola, querido diario, hoxe vouche contar por que son fantástica.*
*Eu son fantástica xa que se algún/ha amig@ meu/miña necesita axuda eu, sen dúbida, axudareino. Son fantástica debido a que son natural, estudosa e aplicada.*
*Se algo me sae mal volvo a intentalo, dito en outras palabras, que se caio vólvome a levantar.*
*Son fantástica polo motivo de que me gusta ser como son.*
*Porque son atenta, observadora e traballadora, máis ou menos, coma unha científica.*
*Tamén son fantástica porque son soñadora e imaxinativa do que non existe e que está por chegar. Son fantástica porque aínda que cada día vaia sendo máis maior o meu pensamento é coma dunha nena pequena.*
*Eu son fantástica polo que nin nada nin ninguén, me dirá o que poida ou non poida ser de maior. En fin, son fantástica por ser como son.*

*Judith Bertran Cortizo* 6ºA

# Eu son fantástico

*Ola! Chámome Anxo e veño a explicarvos por que son fantástico.*
*Segundo o dicionario una persoa fantástica é aquela que ten calidades extraordinarias como as miñas.*
*Son fantástico porque axudo a miña nai a facer as tarefas da casa, son fantástico porque esfórzome para sacar boas notas no colexio, son fantástico porque coido da miña gatiña , que chámase Lúa, son fantástico porque fago escalda cos meus pais e co meu irmán fantasticamente ben , son fantástico porque sempre fago os deberes da escola e da academia de inglés a que vou, son fantástico porque axudo aos meus pais a cultivar vexetais que están fantasticamente bos, son fantástico porque son un bo amigo dos meus amigos.*
*En definitiva , son fantástico por todas a cousas fantásticas que fago na miña vida cotiá.*

*Anxo Rodríguez Ramírez* 6ºA

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO · Equipos de Dinamización da Lingua Galega · Bibliotecas escolares de Galicia · C.E.P. Campolongo Pontevedra

# RECUNCHO LITERARIO DE 5º C



O mundo

O mundo está cheo de sitios para percorrer
lugares, segredos máis lo por coñecer.
Non lugar un misterio agarda
mentres noutro a vida avanza...

Cristina



A nai

Esa nai,
aquela dulzura
eses momentos
esas apertas.
Esa nai,
aqueles bicos
esas risas
eses xogos.
Esa nai,
esa nai...
A miña nai!

Tala

Correrás á rúa
e concentraraste nese paxaro que voa. Manu



ACRÓSTICO

Portos hai para soñar...
O cantar dos paxaros é relaxante.
Na noite relucen as estrelas no ceo.
Tempestades de vento sopran do norte.
Esta cidade é curiosa.
Vive aquí a xente feliz.
E moitos segredos máis haberá neste lugar.
Depende do que suceda.
Recollida de poemas.
Alumiños dos que viciños aquí.

Martín R.



Miña nai

Sempre alegre
Sempre loitadora
Sempre con paciencia
Sempre querendo saber
Sempre divertida
Sempre estará...

GAEL

Só a imaxinación perdurará.Unicamente ela sabe o destino da historia. Cristina



"Amar as palabras"

As palabras
aman a "a"
das patacas.
As palabras
aman as ás
da palabra.
As palabras
aman as patas
das vacas.
As palabras
aman a lá
das arañas.

M. R:



Alta mar

A mar alta,
xa farta,
mas algas nadadas.
A mar alta,
xa cansada,
salta nas barcas.
A mar alta,
cargada das navallas,
atrapadas nas barcas.
A mar alta,
xa brava,
farta da sal.

Antía Sánchez

Escritos só coa vogal "a"

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# SOMOS ...

Somos un cachiño
da felicidade. Marta



Somos ondas
na marea.
Greta

Somos estrelas
no ceo. Mateo

Somos versos
no poema. Cecilia

Somos libros na biblioteca,
cheos de palabras. Paula

Somos pequenas máculas de po
no centro do mundo. Ánxela



Somos coellos
na chistera. Antón

Somos o principio
do fin. Martina

Somos o latexar
da vida. Hugo

Somos escintileos
no firmamento. Cris

Somos a noite
no día. Tala



Somos margaridas
no campo. Gael

Somos árbores
no bosque. Miguel

Somos o despertar
do amencer. Antía

Somos gatiños
no tellado. Sabela

Somos persoas
nunha realidade.
Dylan

Somos fadas
das cores. Esther

Somos o sol
no Universo. Marcos

Somos poliños
no niño. Martín R.

Somos libros
dos poetas. Juan



Somos anduriñas
no nacemento. Manu

Somos cada pedra
do noso camiño.
M.Araújo

Somos tartarugas
no mar. Guillermo

Somos galos
no curral. Pedro

Somos cantantes
no escenario. Brais

Somos
5º C

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# ESCRIBO PORQUE ME PETA...

## A miña cidade

A miña cidade é máxica,
agarimosa, entrañábel,
de atardeceres pálidos
e arrecendo a mar.
O zoar do vento no inverno,
o sorriso das árbores na primavera,
as gargalladas do río no verán,
enchen de beleza a miña cidade.

Laura Buceta
6º C

## A miña cidade

Na miña cidade hai parques
con árbores que medran,
onde xogan nenos rebuldeiros
ata que o ceo se inunda do solpor.
Tamén hai rúas tristes,
silandeiras ao chegar a noite,
mais... cheas de xente polo día.
Rúas e prazas que agochan
fermosas historias de antano.

Irene Davila
6º C



## A miña cidade

A min, da miña cidade,
gústame o silencio da noite,
as pingas da chuvia no inverno,
o misterio que agochan
as súas prazas e rúas.
O cantar dos paxaros voando
sobre cores de amencer e
o rebumbio dos nenos
nos bambáns do parque.

Alejandro Nerga
6º C

## A miña cidade

Eu vivo nunha cidade
amable, de ceo azul intenso,
con doces nubes de algodón
e un aire inquedo que
percorre todos os recantos.
Unha cidade de antigas
casas que emerxen de
rúas e prazas de pedra
Onde nenos e nenas xogan
e cantan de ledicia.

Noa Pedrosa
Mariola Redondo
6º C

## Buscando as palabras na rúa atopei....

O asubío do vento,
as ondas do mar azulado,
as cores do arco da vella,
os pétalos vermellos das rosas.
O remuíño das augas do río,
os berros dos nenos no parque,
o rechouchío dos paxaros
e as cálidas praias da costa.



## A POESÍA CURA...

O aburrimento nos días de inverno,
as pelexas de familia,
as noites de insonio,
a dor de corazón,
a falta de imaxinación,
o medo á escuridade,
os enfados cos amigos,
os pesadelos dunha noite...



## Manual para ser poeta

Un bo poeta leva sempre
imaxinación na maleta.

Cando remates un poema,
regálallo a unha nena.

Nunca escribas de noite,
porque non trae boa sorte.

Mentres escribes,non peches os
ollos e deixa voar os teus soños.

Non recites no medio da rúa, se
cadra, esperta a lúa.

Ao final, o que importa é que á
poesía non lle peches a porta.

## O MEU GATO POETA

Teño as mans suaves
coma o pelo dun gato,
para agarimarte.

Teño o corazón grande
coma o bandullo dun gato,
para quererte.

Teño o sorriso doce
coma o ronroneo dun gato,
para namorarte.

Teño os soños profundos
como a mirada dun gato,
para imaxinarte.

Alumnas e alumnos de 6º C

Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
Membro Escola Asociada UNESCO
Equipos de Dinamización da Lingua Galega
Bibliotecas escolares de Galicia
CEP Campolongo











# "UN ANO EXCEPCIONAL"

## AS ALUMNAS E OS ALUMNOS DE 5ºA UTILIZAMOS A BANDA DESEÑADA PARA RESUMIR ESTE ANO TAN ESPECIAL















**ESTE ANO, AÍNDA QUE LEVAMOS MÁSCARA E MANTIVEMOS AS DISTANCIAS, NON DEIXAMOS DE DIVERTIRNOS, FACER DEPORTE, CREAR A NOSA PROPIA HORTA ESCOLAR E ATA... FIXEMOS NOVOS (E ANIMAIS) AMIG@S!**



















UN ANO EXCEPCIONAL.
Este ano nos posta máscarelas e temos que manter distancia
Que incomodo, non poido respirar
Ao principio era difícil respirar e tiñamos que pedir salir a respirar
UFFF!!!
Non podemos ver aos nosos compañeiros das demais clases
Por que...
Era incómodo ata que nos acostumbramos
Quen sabe a respuesta?


UN DIA EXCEPCIONAL


Un Ano Excepcional
Empeza mas na casa
E... Volvimos a o cole
Ben
Fin


UN ANO EXCEPCIONAL
RECREO
VALE
NO OS QUITEIS LA MASCARA
ESTO ACABARA PERO HAY QUE CUMPLIR LAS NORMAS
SI
FIN


UN ANO EXCEPCIONAL
MILLA SAUDABLE
VAI
tropeza
Gañei!
3
1
2




UN ANO EXCEPCIONAL
FIN


UN ANO EXCEPCIONAL
AS EXPOSICIÓNS
Este é o tiburón branco.
Con outros animales mariños.
Colores
Normalmente vive en las profundidades oceánicas.
Bye!
Aquí acaba a miña presentación.


Un ano excepcional
A pomba Lucas
colexio Campolongo
Hora do recreo
Hola Lucas que tal.
FIN.

# O TEU COLE NA HISTORIA









O colectivo **Polo Correo do Vento,** en colaboración co Concello de Pontevedra está a facer uns murais polos colexios co título "**O teu cole na historia** ...". No noso están representados a Audiencia, O Pazo e as súas pistas, A Vella Estación do tren, Aurora Vidal, O Río Gafos,o colexio Campolongo e as Camelias.

Sábese, entre outras cousas, grazas ao estudo dos seus brasóns, que o **Pazo de Campolongo,** tamén coñecido como "Pazo dos Marqueses de Leis" ou de "Paco Leis" pertenceu desde o século XVI a varias familias emblemáticas de Pontevedra (De la Vega, Cruu, Salazar, Figueroa, Montenegro e Mendoza). Converteuse en 1943, baixo a ditadura do xeneral Franco, na delegación do "Frente de Xuventudes".



**Jesús Hermida,** nos anos 50 bateu **récord de España nos 80 metros** na fase provincial dos Xogos Escolares. "Fixen unha marca escandalosa naquel momento, posto que o récord estaba en poder do noso paisano Moncho Rodríguez en 9 segundos, e eu, nas **Pistas de Campolongo,** en Pontevedra, nunha pista mala de cinza, fixen 8.7".

En **1851** súcédense as noticias na prensa sobre a construcción dun novo edificio (actual **Audiencia de Pontevedra)** que suplantará ó cárcere vello situado perto da Ponte do Burgo.

**Aurora Vidal Martínez** nace en Pontevedra o 28 de agosto do ano 1910. Estuda maxisterio en 1931, cursa o Grado Profesional e exerce o ensino como mestra dezmilista en diversos destinos de Galicia, Castellón e Canarias. Foi nos **anos corenta** cando Aurora Vidal Martínez (1910- 2005) comezou de xeito activo a súa carreira como escritora na cidade do Lérez. Alí trabou amizade con escritores e intelectuais de renome, entre eles o propio Álvaro Cunqueiro, Xosé F. Filgueira Valverde ou Herminia Fariña.


Aurora Vidal Martínez




No ano 2010, centenario do seu aniversario, tanto o Concello de Pontevedra como o CEP Campolongo, colexio onde se xubilou, fixéronlle unha pequena homenaxe. O Concello cunha placa na casa onde vivía e o colexio cunha exposición dos seus libros e traballos dalgúns dos seus poemas.

As súas palabras :

" Amo a verdade porque embelece o espírito e enche os ollos de claridades."



EDNL

anpa SANXOSE
CEP Campolongo

# RENOVACIÓN XUNTA DIRECTIVA ANPA

**sen a túa implicación non pode seguir funcionando**

- Plan Madruga
- Servizo de comedor
- Act. Extraescolares
- Ludotecas
- Interlocutores Colexio
- Consello Escolar
- Excursión Sexto
- Festas

sanxosecampolongo@gmail.com
grupos whatsapp



Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura · Membro Escola Asociada UNESCO

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

# LIBROS RECOMENDADOS

## PRIMARIA

### 1º e 2º de PRIMARIA

**A nena que abrazaba as árbores**
H. Alvarellos / Xulia Nieto
Alvarellos Editora

**Clover: unha porquiña diferente**
B. Cabaleiro / B. Millán
Aira editorial

**Lendas do recreo. A media hora dos heroes**
El Hematocritico / A. Monteys
Edicións Xerais

**Isto non é unha selva**
Isern Susanna / Rocío Bonilla
Editorial Flamboyant

**O meu avó e o queixo**
M. Reimóndez / V. Álvarez
Alvarellos Editora

**Leopoldo, o pequeno monstro**
Estefanía Padullés
Hércules de Ediciones

**Lingua guapa. Cantos que contan...**
Fina C. / Néstor B. / Lucía C.
Sonárbore (Ed. Galaxia)
Libro CD

### 3º e 4º de PRIMARIA

**A Señorita Bubble. Baixo cero**
Ledicia Costas / A. Meixide
Edicións Xerais

**Mortiña: O amigo pantasma**
Barbara Cantini
Hércules de Ediciones

**Fábulas contadas**
Gonzalo Navaza / Orelí Pello
Edicións Xerais

**Atlas da Galicia pequeniña**
C. Cequeliños / J. Campos
Aira Editorial

**Miña guía, meu capitán**
Gonzalo Moure / Mª Girón
Kalandraka Editora

**Bichería**
C. López / Xan López D.
Edicións Xerais

**Extra!**
Paco Nogueiras / M. Taeger
Kalandraka Editora
Libro CD

### 5º e 6º de PRIMARIA

**Leccións de poesía para nenos e nenas inquietos**
L. García M. / J. Vida A.
Medulia Editorial

**Carabela**
Paula Carballeira
Editorial Galaxia

**Gelsomino no país dos mentiráns**
Gianni Rodari / Pablo Otero
Kalandraka Editora

**A historia de Greta**
Valentina Camerini
Sushi books

**Bos días, Maruja**
Xosé A. Perozo / Maruja Mallo / María Lires
Auga editora

**Co sorriso nos beizos**
J. L. Montero / Tania Solla
Lela Edicións

**Ramona Órbita. A dona do tempo**
Pakolas / Laura Romero
Sonárbore (Ed. Galaxia)
Libro CD

## PERSOAS ADULTAS

**Unha mente que voa**
Xurxo Mariño
Edicións Xerais

**O estado intermedio**
Rexina Vega
Editorial Galaxia

**O país onde medran os limoeiros**
Helena Attlee
Rinoceronte Editora

**As catedrais silenciadas**
Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre
Músicas de Salitre
CD

**Un señor elegante**
Suso de Toro
Edicións Xerais

**Libro dos océanos. Que ameaza o mar?**
Ester Gostalla
Catro Ventos Editora

**Sendas de Ons**
Anxos Sumai
El Patito Editorial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA




## SECUNDARIA

### DE 12 EN DIANTE

**O enigma do baúl pechado**
Xosé A. Neira Cruz
Editorial Galaxia

**Plan de rescate**
Antía Yáñez
Edicións Xerais

**Antía e Daren. O misterio dos torques roubados**
Valentín Alvite / M. Porto
Edicións Xerais

**Anne, a de Tellas Verdes**
Lucy Maud Montgomery
Sushi Books

**Aleida II. Cruzada**
Víctor Boullón
Demo editorial

**O asasinato da profesora de xeografía**
Pepe Tobaruela
Edicións Embora

**Nós outras**
Marica Campo / M. Lamas
Chan da Pólvora

### DE 14 EN DIANTE

**Coraxe. Poemas audaces para rapazas afoutas**
Selección de Karen F. / R. M'Kibbens / M. Nettifee
Sushi Books

**Ardora**
Beatriz Maceda
Urco Editora

**A noite da deusa**
María López Sández
Editorial Galaxia

**O souto dos catro ventos**
María Oruña
Aira editorial

**O mundo en que vivín**
Ilse Losa
Hércules de Ediciones

**A raíña galega**
Xosé Durán
Edicións Xerais

**Liberar as arterias**
Sés
Altafonte Music
CD

### DE 16 EN DIANTE

**O mal querer**
Natalia Carou
Baía Edicións

**O pacto do letargo**
Miguelanxo Prado
Retranca Editora

**Granito**
Álex Alonso
Edicións Xerais

**Para toda a vida**
Eva Moreda
Aira editorial

**O paraíso dos inocentes**
Riveiro Coello
Editorial Galaxia

**Poesía (modelo para romper)**
Amauta C. / Alfonso R.
Saurobuks

**Contrapunto**
Tanxugueiras
Calaverita Records
CD

## MÚSICA




EDNL/BIBLIOTECA




# LINGUA GUAPA






## Lingua Guapa

Letra: Fina Casalderrey
Música: Nestor Blanco

LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!

Teño unha lingua moi longa
con quilómetros de historia.
Leva palabras de azucre
que aturuxan na memoria.

Bico, agarimo,
ledicia, canción,
tenrura, aperta,
sorrisos de paixón.

Xirín, bolboreta,
veludo, albor
arco da vella,
pontellas de color.

LINGUA GUAPA! ...

Teño unha lingua de meu
que me ensinou Rosalía.
Leva cestos de palabras
para soñar noite e día.

Berce, acubillo,
niño, corazón,
latexo, abeiro
nubeiro de algodón.

Laverca, noitebra,
verderolo, azor
merlo, cotovía,
gaivotas no solpor.

Teño unha lingua de ferro
Forte como un adibal.
Seguíu viva malia os tempos
nos que houbo temporal.

Frío, cacharela,
Cuberto, beizón,
fábula, lareira,
música no fogón.

Morriña, saudade
barlovento, ciclón,
raiola, veleiro.
escumas a vabor.

LINGUA GUAPA! ....

Teño unha lingua de ouro
coa que fixen un cartar.
levo esta xoia comigo coma
se fose un colar.

Campá, romaría,
bandeira, balcón,
repiques, foguetes
zapatos de charón.

Cantigas, xanelas,
estralos de amor,
recendos, chorims
na xesteira en flor.

LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA!
LINGUA GUAPA! ....



## " VOU CAMBIAR O MUNDO "

Vou cambiar o mundo
nun plisplás.
Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Na pel do meu río
non danzan paxaros.
Están asustados!
Na pel do meu monte
non trotan cabalos.
Están abafados!
Nin ríos lixados,
nin montes queimados!

Vou cambiar o mundo
nun plisplás.
Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Na boca da noite
a lúa non cea.
Está moi enferma!
Na boca do poeta
a voz quedou muda.
Iso é tortura!
Nin ceos toldados,
nin versos calados!

Vou cambiar o mundo
nun plisplás.
Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

No banco dos pobos
non sentan as pombas.
Teñen medo ás bombas!
No banco das guerras
non se escoita un conto.
O demo anda solto!
Nin pobos mancados,
nin contos borrados!

Vou cambiar o mundo
nun plisplás.
Vou cambiar o mundo
por un que me guste máis.

Letra: Fina Casalderrey
Música: Néstor Blanco



A polifacética mestra e escritora, Fina Casalderrey, xunto co músico Nestor Blanco , viñeron presentar o seu traballo musical ó noso cole. O álbum contén algunha das cancións nas que coloborou o Coro Luís García Limeses,que dirixe a mestra e compañeira do cole Reyes Carballo.

BIBLIOTECA


CEP CAMPOLONGO
ISABEL GARCÍA TOBÍO
MILAGROS GÓMEZ LAMELA
MARÍA GLORIA MARTÍNEZ MARIÑO
MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ GONZÁLEZ
JOSÉ MANUEL SÁNCHEZ MOURE
MARÍA CARMEN MIRAGAYA DE LOS REYES
VIVIAN CENTENO FERNÁNDEZ
SIRA SANTIAGO ÁLVAREZ
ANTONIO FERRER MOREIRA
LUISA TABOADA RIVADULLA
Pontevedra
6º PRIMARIA
2020 - 2021
JUDITH BERTRAN CORTIZO
SARA BOUZA GARCÍA
ALOIA BUGARÍN GUIJARRO
AITOR CALVO BUGALLO
CARLOS DASILVA HERMIDA
SOFÍA FERNÁNDEZ IGLESIAS
NOA GARCÍA MAQUIEIRA
EMIL GHIANI PÉREZ
EMMA GONZÁLEZ PASCUAL
JORGE IGLESIAS CARBALLEIRA
JUAN IGLESIAS CARBALLEIRA
IAGO IGLESIAS GÓMEZ
LÍA IGLESIAS LEDO
IVET IVANOVA STAMENOVA
IVÁN LAGO PAZOS
SARA LÓPEZ DOMÍNGUEZ
LARA LÓPEZ TORRES
VITORIA MUNAIZ CANOSA
ALEXANDER RAFAEL PAZAN CHAMBA
GUILLERMO PIÑEIRO LÓPEZ
JUAN REDONDO CERVANTES
ANXO RODRÍGUEZ RAMÍREZ
LAURA SOBRAL SANTORO
PASCUAL VALENZUELA RIVAS
CARLOS VÁZQUEZ LÓPEZ
PABLO ALBORÉS LOBATO
PAULA AMPUDIA PINTOS
PABLO BAQUERO PAZOS
ÁLVARO DE NÓVOA BARROSO
C.E.P.
CAMPOLONGO
PONTEVEDRA
CECILIA DOMÍNGUEZ TORRES
RUTH FARIÑAS CRESPO
PABLO FERNÁNDEZ CURRA
DAVID FERNÁNDEZ FERREIRA
VICTORIA GÓMEZ SUEIRO
LUCAS MAXIMILIANO GONZÁLEZ DASILVA
FELIPE LARIÑO FEIJOO
XURXO LORENZO RODRÍGUEZ
CELIA LOURIDO FERNÁNDEZ
YAGO MARTÍNEZ VALLADARES
CELIA MEJUTO RODRÍGUEZ
IVÁN MOREIRA CARRÓN
CAMINO PACHE PÉREZ-MIRÁS
ANA PAZ GONZÁLEZ
MATEO PÉREZ ESCUDEIRO
NOELIA QUIÑONES SUÁREZ
OLAIA RADÍO GONZÁLEZ
UXÍA RAMALLO AMIL
ADRIANA RODRÍGUEZ RAPOSO
AINHOA TILVE NOVAS
LUCÍA TORRES SOTO
ALBERTO ALBELA AREÁN
SOFÍA BARROS TOUZA
JACOBO BESADA PÉREZ
LAURA BUCETA VEIGA
MATEO BUDIÑO RODRÍGUEZ
GABRIEL CALONGE FARIÑA
XOANA CASAS MORQUECHO
JUAN DAVID CIFUENTES FERNÁNDEZ
HELENA CORONADO CADAVID
IRENE DAVILA PEÑA
ILYASS EL GHALI LAMHAMDI
NIKOLÁS ENCIZO COLLAZOS
JUAN ANTONIO FERNÁNDEZ LÓPEZ
ASIER GARCÍA DE LA FUENTE
ANXO LORENZO MARTÍ
NÁRYERY TATIANA MARTÍNEZ BRAVO
ALEJANDRO NERGA ÁLVAREZ
NOA PEDROSA SILVA
ALBERTO PÉREZ BOUZAS
MARIOLA REDONDO RODRÍGUEZ
XARES RUBIDO TRIGO
ALBA SOTO ALDAO
NICOLÁS TOMÉ VIDAL
CRISTINA TRABAZO TORRES
CARLOTA VÁZQUEZ FERNÁNDEZ
BENI FEIJÓO












NECESARIO
MISMO
RESPETANDO A
LOS DEMÁS



